

Perrón de Braña

1

Sentábase a carón do doente, montaba unha perna sober doutra, sacaba a cachimba, verquíu tabaco, cebaba a poucos e con moito taco de pulgar, acendía, e por fin botaba unha grande nuburada de fume. Estaba unha hora cumprida cabo do doente, fumando, falando de cousas de ir e vir, do tempo que corría e mais da xente allea. Púñalle a man dereita na caluga ó doente, e faguíao cuspir.

–Agora di o Padrenuestro en voz alta.

O enfermo dicía o Painoso. Perrón escoitaba, moi atento, mirando de esguello.

–Volta agora a «venga a nós Tu reino».

O enfermo volvía. Perrón miráballe o quentor da fronte.

–Lávate ben todo o corpo durante unha semana.

allea
caluga
de esguello

2

–Lávate ben todo o corpo durante unha semana. Come papas de centeo catro veces ó día. O vinte e dous é crecente. Heite vir sangrar.

Perrón sangraba sempre no crecente. Viña moito pola botica de meu pai. Curaba con sangrías, papas de avea ou de centeo, baños quentes e moitas horas de sono. Coñecía as doenzas dos seus clientes pola voz. Polo que ten dito, parez que hai nove tons. O enfermo do fígado non ten a mesma voz ca o que padece dos riles, ou do estómago, ou do corazón. Na súa terapéutica tiña moita importancia o sono. Ficaba á cabeceira da cama dos doentes pra velos durmir.

–Dormes mal, hom! Tes que durmir sen almofada e cunha manta de menos.

avea
doenzas
botica

3

A algús obrigábaos a novas posturas, cambiáballes a cama de sitio. Coma un mestre de ioga ensinaba a respirar namentres se durmía, deitándose no leito a rentes do enfermo, colléndoo da man, facéndolle acompañar a respiración á súa. Aínda que o doente fose unha muller ou un crego, deitábase igual. Xaxún, sono e sangrías en crecente. Hai dúas clases de sangrías: as de vésperas, no momento de saír a luz, e a meridiana, ás doce do día. O doente, namentres o sangran, ha de ter na boca unha ramiña de fiúncho. Unha vez sangrado o enfermo, o fiúncho quéimase. Que eu saiba, Perrón de Braña foi o derradeiro menciñeiro que sangrou por aquí.

Perrón, ademais, curaba con historias. (...)

a rentes
xaxún
fiúncho

Perrón, ademais, curaba con historias. Contáballe ó doente unha adiviñanza ben retorta e chea de cabos soltos.

–Cando veña sangrarte, a ver se ma tes sacada.

O enfermo pasaba horas e horas discorrendo, sacándolle a figura á adiviñanza de Perrón. Os enfermos de Perrón devecían polas historias que contaba iste, comentábanas, parrafeábanas coa familia, cos veciños, soñaban coelas. Poucas adiviñanzas eran acertadas. Eran, polo que teño ouvido, historias de tesouros escondidos, de preitos e de roubos, e falaban nelas franceses e animais: golpes, lobos, denunciñas, corvos... O Grilo de Abeledo, que tiña fama porque adeprendera unha noite tódolos xogos de cartas (...)

devecían
golpes
denunciñas

O Grilo de Abeledo, que tiña fama porque adeprendera unha noite tódolos xogos de cartas cando foi servir al Rei, sacoulle unha vez unha adiviñanza a Perrón.

–Sacoulle unha de sete zocas que calzaban catro homes, e ningún era coxo, contoume Pardeiro o vello.

Cando se finou o Grilo, o crego de Labrada andaba medio cabreado. En acabando de responsar, queixábase.

–E foise o Grilo sen dicirme a correuta das sete zocas e os catro homes!

Perrón era de mediano talle, enterroibo, os ollos claros, moi lucida de ouro a dentadura. Gastaba gorra viseira negra e vestía de pana. Perrón era apelido, que non alcume. Decía que lle viña dun soldado francés (...)

responsar
enterroibo
alcume

Perrón era apelido, que non alcume. Decía que lle viña dun soldado francés que adoeceira en Santalla con febres, cando viñera Napoleón, e era músico de segunda. Houbo discusiós nas barbarías de Mondoñedo sober se Perrón sabía francés ou non; un dicionario, ise seguro que o tiña. Cando se finou Leiras Pulpeiro, Perrón mercou un xogo inglés de lancetas que fora do médico poeta. Aseguran que Leiras consultáballe a Perrón os casos peliagudos. Perrón, que foi sempre da casca amargue, nos derradeiros anos da súa vida chegou a beato, e meu señor tío, D. Xusto Moirón, ensinoulle a axudar á misa no oratorio da casa de meus avós, en Cachán de Riotorto.

adoecer
lancetas
casca amargue

Perrón quixo regalarlle un traxe a San Bernabé de Santalla, e tomándolle unha costureira as medidas ó santo, viuse que o santo tiña o talle mesmo do menciñeiro, e cadraban nun e noutro anchos e altos. Perrón foise a Lugo, e estivo alí probando a túnica roxa e o manto marelo, servindo de manequín, e sen quitar a viseira, que era moi dado a catarros. Un día calquera, tras axudar no vareo das castañas, meteuse na cama, pediu que lle puxesen unhas sambesugas nun costado, e que lle disen conversación. Isto oínllo eu contar ó seu xenro, que aínda é algo primo meu por detrais da Igrexa. A muller de Perrón preguntaba:

—Mosca e media, tres medias moscas e dúas moscas e media, cantas moscas son?

vareo
sambesugas
por detrais da Igrexa

(...) pediu que lle puxesen unhas sambesugas nun costado, e que lle disen conversación. Isto oínllo eu contar ó seu xenro, que aínda é algo primo meu por detrais da Igrexa. A muller de Perrón preguntaba:

–Mosca e media, tres medias moscas e dúas moscas e media, cantas moscas son?

Sumaba *in mentis* Perrón e xa ía dicir que cinco moscas e media, cando lle veu un tosico de nada e deu a ialma. Foi moi sentido.

Tan axiña como morreu Perrón, un tal Cabo de Lonxe, de quen se fala máis adiante, que cobraba un real por sesión de nitrato de prata nas verrugas, pasou a cobrar dous reás. Pro Perrón quitaba as verrugas de palabra, e a varias leguas de distancia.

xenro
in mentis
leguas

Coido que somentes vin a Borrallo de Lagoa sen zamarra unha vez polo San Bartolomé, en Espasande de Arriba, que o resto do ano andaba abrigándose coela, cun par de chaleques e mais bufanda colorada. Era albino. Por aquí crese que os albinos ven, mellor que ninguén, na noite, os cartos perdidos nos camiños. Os albinos non poden botar o mal de ollo, e non hai noticia de que caíse raio en casa en que viva muller albina. Borrallo era pequeno e fraque, e andaba sempre escorréndose. Dáballes cita ós doentes nos sitios máis raros, nunha fonte que hai a unha legua de Pacios, ou cabo do teixo que hai en Vilarín, ou no adro de Reigosa, á noitiña. Curaba tolos, morriñosos e afrixoados.

teixo
adro
afrixoados

Dicía que non había demos e que sobaban os esconxuros. Deixábano soio, no campo ou na eira, con tolos irados, e non lle facían nada; obedecían e quedábanse. O primeiro que facía cun tolo era cambiarlle de nome. Díxalle ó tolo que, por un casual, se chamaba Secundino:

—Ti es Pepiño e nada máis. Contesta soio por Pepiño.

Despoixas, parez que arrincando do Pepiño, inventáballo ó Secundino unha vida nova. A un que nunca saíra de Bretoña, facíalle crer que estivera na Habana, e que alí vira os seus veciños Fulano e Mengano, e tivera unha carbonaría ou unha bodega, e que se retratara en Santa Clara 31, a carón dun tren de lavado, onde había un fotógrafo que fora de Ribadeo, etc. etc.

esconxuros
eira
quedábanse: calmábanse

E ata lle amosaba unha fotografía, e o tolo coñecía. Supoño eu que o tolo deixaba de cismar e rañar nas rúas teimas e poñíase nos asuntos do ficticio Pepiño que lle caían algo máis lonxe. O certo é que todos atestaban que Borrallo quedaba os tolos maos enrabechados, e que pouco a pouco a moitos deles volvíaos á vida do día, e ó oficio. Aínda que iste, a algúns, tamén llo cambiaba, ó tempo que o nome.

Ós que en neloutras partes chaman alganados ou ensu-
midos, por Terra de Miranda e Pastoriza dinlles afrixoados. Xente é que se entrista, enfraca, cánsase, desavece a comida, e morre aborrecida e calada nun recuncho, a pel da cor da cera, e por veces queixándose dun punto frío que lles vaga polo corpo, cando no peito, cando na espiña.

cismar
teimas
atestaban

Borrallo estaba especializado, que il mesmo fora un afrixoado, e autocurouse. Parte da terapéutica consistiu en adeprender a ler; vendeu unha terra e foi pasar un mes en Ourense. Volveu novo. Contaba e non paraba dos cafés cantantes e das Burgas. Ós afrixoados hai que convencelos de que non o están, de que teñen algo no estómago, ou posta a marzoa, ou unha pedra de illarga, ou un catarro por dedentro, con flema. Se se convencen de que non están afrixoados, entón inquédanse, anímanse, pónense en cura e mercan as menciñas. Dise que ós afrixoados non se lles pode purgar, pro Borrallo purgaba, forte e seguido. A un que lle chamaban o Listeiro, que era dos Parciás de Úbeda (...)

marzoa
illarga
menciñas

A un que lle chamaban o Listeiro, que era dos Parciás de Úbeda, xente moi notada en paus e en liortadas nas festas; a un tal Listeiro, digo, que se deixaba morrer e nas serodias fixérase blasfemo, díxolle Borrallo:

–Aínda me has levar no colo ó San Cosme de Galgao!

O Listeiro soltou a verba, e xurou que non chegaba á tal festa, que a vida era unha merda, dispensando, e il un cabrito, e que non se colgaba por non darlle no gusto a unha nora que tiña. Borrallo levaba ó Listeiro todos os seráns a pasear, paseos de dúas ou tres leguas, e como quizabes se faría noite na volta, quedaban a durmir nunha pousada ou nun palleiro. Listeiro foise aficionando a aquela vagancia.

liortadas
serodias
palleiro

Foron a pé delambos ó Santo Conde de Lourenzá, que hai cinco leguas entre monte e val, e a Ribadeo, que hai oito. Durmían aquí e acolá, ó airío, e bebían algo. O Listeiro animábase. Borrallo, polo camiño, ensináballe a ler ó Listeiro nunha novela de Blasco Ibáñez que mercara en Ourense. Chegou o 27 de setembro do 1934, e o Listeiro entrou no campo da Xesta, onde é a romaría de San Cosme de Galgao, levando no colo ó Borrallo, ben enzamarrado, que acolá enriba sempre sopran nordestes. O Listeiro e o fillo fixeron moitos cartos co mular despoixas do 39. A nora foise a servir a Barcelona. Os Listeiros mercaban sacos de azucre pra criar os muletos, que valían a tres e a catro mil pesos.

acoló
ó airío
mular

(...) O Listeiro e o fillo fixeron moitos cartos co mular despoixas do 39. A nora foise a servir a Barcelona. Os Listeiros mercaban sacos de azucre pra criar os muletos, que valían a tres e a catro mil pesos.

O Borrallo, polo verán do 1936, apareceu morto nunha cuneta cun tiro na cachola. A Borrallo bótano moito en falta, e fábase dil, dos puntos que lles puña ós cregos.

—Valía máis que Conxo!, díxome un moi amigo dil. De neno, afixo a comer do mesmo zatico de pan a un rato e a un melro. Tiña moi estudada a xente.

Eu parece que o estou vendo na botica de meu pai, agardando a que lle despachasen pastillas de clorato e un peso de augardente alemá.

cachola
zatico: codelo
melro

Xil da Ribeira

16

Xil deixábase a barba tódolos anos por Santos e Defuntos e xa non a afeitaba deica a corenta de maio. Así que limpaba a cara daquela mazorra moura e mesta, durante todo o verán e mailo estivo, afeitábase a cotío. Falaba solemne e campanudo, botando pra atrais a cachola, mirándote cos ollos pequenos e azuis, nos que sempre podías ler unha bulreta. O seu bisavó fora menciñeiro, e tamén seu pai, e a avoa e maila nai, parteiras, e tiña un fillo, Felipe Marat Dantón, afillado de Portela Valladares, que andaba por Navia de Suarna e a terra buronesa facendo de capador. Herdábase nos Xiles da Ribeira o talento médico coma na familia Bernouilli o talento matemático.

mazorra: mata
estivo: estío
campanudo

17

Chamábase iste de quen falo Manuel Xil, e era meirés, natural de Ribeira de Piquín. Sempre que podía miraba o doente ó áer libre so un paraugas que tiña, xa porque chovese, xa porque fixese sol, xa porque corría ou vendaval ou nordeste. Xil sentábase nunha pedra ou nun escano, e o enfermo tombábase no chan. Xil quitaba o que chamaban *volverse a suor*, que é suor fría, tabatexar de dentes seguido, perder peso, írselle a un a cor, e engadido a todo, canseira de corpo e alma.

—Nisto e en solfeo non tiña punto, díxome un de Vian.

Xil fora músico militar, clarinete, coido, e deixou o choio pra vir facerse cargo da clientela paterna.

escano
tabatexar
canseira

Xil fora músico militar, clarinete, coido, e deixou o choio pra vir facerse cargo da clientela paterna. Dos tempos militares, gardaba o ros, pra cubrirse en inverno, dentro da casa. Xil herborizaba, e as menciñas preparábaas il mesmo, e non cobraba. Xil estaba solteiro e non tiña casa propia; vivía na casa petrucial ou na dunha irmá, ou se tiña curado a un en Piñeiro, poño por caso, aparecía un día por alí e estaba catro ou cinco días de pousada, pro non folgando, que botaba unha man na labranza ou na matanza, ou zoqueaba, e faguía moi ben chinelas á Vilalbesa. Ouvía tusir a xente a distancia. Acaroábase e nin preguntaba quen tusía; acertaba co que fora, e púñase coil á parte, por estudalo.

ros
casa petrucial
folgando

Acaroábase e nin preguntaba quen tusía; acertaba co que fora, e púñase coil á parte, por estudalo. Estaba sober de todo en contra do leite.

—Se o leite fose perciso, estaríamos mamando toda a vida. Un xato deixa de mamar e non volve probar o leite; un raposo deixa de mamar, un coello deixa de mamar, e xa non volven catar o leite. Comen doutras cousas. Hai que seguir o natural.

Apartando o leite, Xil receiptaba queixos vellos, xamón, viño quente, viño doce, baños, e as esencias, que así chamaba ás herbas. Percuraba que istas fosen coa complexión do doente.

—Ti es amargue prá xenciana, dicíalle a un. Ti es frouxo prá macela, dicíalle a outro.

acaroábase
xato
macela

–Ti es amargue prá xenciana, dicíalle a un. Ti es frouxo prá macela, dicíalle a outro. Ti mollas a saldiguera, díxolle a Roque de Valente, que era un tipo fraque, marelo, sempre anoxado, cuspidor, tacaño.

Tamén sabía Xil moito de ventre, e declaraba o sepe-lio, que é iso que os médicos aínda chaman tise galopante. Botoulla ó crego de Rioaveso, que era coma un castelo, colorado, pescozolongo, xogador de bolos, e un tipo amurriado, pese á figura goliarda.

–Denantes do rosario, o crego de Rioaveso morre de se-
pelio. Cospe moito e de embaixo, e xa non pode co que ve.

E tras dúas abocadas de sangue, foise o crego dous días antes da festa.

xenciana

tise

amurriado: deprimido, debilitado.

E tras dúas abocadas de sangue, foise o crego dous días antes da festa. Estaban matando xa o año e mailos polos.

Pra final, Xil era xastre de doentes. Ía ver a un e dicíalle á familia que nada se podía faguer, e que o doentiño íase, e preguntaba se tiña traxe novo, e se non o tiña, Xil ía a Lugo, a Vilalba ou a Mondoñedo, e mercaba un corte tirando a escuro, e facía o traxe que somentes usaría o doente cando fose defunto... Algúns enfermos animábanse algo ó ver o Xil facerlles un traxe novo. Un tal Moure, de Navia de Suarna, sandou cando xa estaba despachado de todo, e gastou o traxe que lle fixera Xil e as xentes, nas feiras e festas, pedían permiso pra tocalo no lombo (...)

abocadas

un corte

despachado

Un tal Moure (...) sandou cando xa estaba despachado de todo, e gastou o traxe que lle fixera Xil e as xentes, nas feiras e festas, pedían permiso pra tocalo no lombo, e levaban os nenos a que aloumiñaran a chaqueta de Moure.

Xil finouse saíndo da casa da súa irmá propiamente pra morrer. El sentouse nun cómaro, abriu o paraugas, e morreu. Xustamente era un corenta de maio, e afeitárase aquela mañá.

—Ídeme buscar dentro dunha hora, e traguédeme prá casa sentado nunha cadeira, dixo ó saír.

Un vello caseiro de Baltar aseguroume que Xil daba a algús paisanos cocementos das súas barbas contra os catarros de ventre. Daría.

sandou
finouse
cómaro

Era de Santalla de Oscos, onde é a temerosa gorxa entre espidos cumes, onde foron os freires e aínda son os ferreiros. Era un home moi alto, moi fraque, de ollos moi claros, e sempre con olleiras mouras, moi sucadas. Sober da fronte caíanlle uns brizos brancos. Sentábase e mandaba sentar o doente diante dil. Perguntáballe nome e motes: o alcume da casa e da familia, o seu propio, como lle chamaban de neno ou de rapaz, por bulra de irmáns, parentes e amigos.

—A min, díxenlle eu unha vez, meus irmáns chamábanme «pernas de chifle».

—Iso era polo delgadiño e escanido! Ben me lembro!

Sacaba do bulso da zamarra —unha zamarra de pana verde pasamaneada de veludo negro— unha petaca de coiro (...)

sucadas
brizos
escanido

Sacaba do bulso da zamarra –unha zamarra de pana verde pasamaneada de veludo negro– unha petaca de coiro na que levaba unha plomada de canteiro. O doente tiña que apoiar o brazo esquerdo no xoenllo do mesmo lado, e soste os dedos pulgar e índice a chumbada, vertical á punta do pé. Así tiña o doente Lamas Vello cáseque un cuarto de hora. Lamas estudaba o tremor do chumbo, seguía o pulso do enfermo por il, ben o vía latir alí. Tralo exame era obrigado a ollarse, durante un tempo, en silencio, no espello de Lamas Vello.

–Acórdaste como eras hai dez anos? El que te atopas agora de novas feitas?

O enfermo dicía os cambios que atopaba na súa fisionomía.

pasamaneada
chumbo
novas feitas

O enfermo dicía os cambios que atopaba na súa fisionomía. Lamas Vello, novo Hans Kaspar Lavater, atopábaos todos moi significativos. Ouvíalle o doente toda a súa enfermidade e toda a súa vida. Tiña, como tódolos curadores que eu coñecía, unha postura de amigable escoitar, de garimoso confesor.

–A enfermidade non cha botou ninguén, acostumaba dicirlle o doente.

A súa tese era que as doenzas adentrámonas en nós mesmos. Un soño, poño por caso, pode dar unha doenza, o mesmo que unha anguria, un mal pensamento, un desexo insatisfeito, a envexa que lle temos a Fulano ou Mengano, a mala teima que pomos en aqueloutro.

garimoso
anguria
teima

Unha persoa humildosa, calada, amiga, esmoleira, está inmunizada contra moitas doenzas. Os soberbios, avaros, chufós, irados, sobresaltan o sangue, e adoitan o corpo pra que lles veña unha doenza. Tódalas doenzas teñen un nome humano, que os médicos non saben; os médicos sábenlles ás doenzas en xeral un nome científico, e por iso percisan dunha ciencia pra curar, con menciñas científicas. Pro a doenza concreta de Pedro Pérez, alias do Ferreiro, a quen de neno chamaban Fol e Baluga, porque era regordo, canso e brando, e agora é, ós seus corenta e cinco, un home ave-llentado e osudo, e anoxou o touciño e o caldo de castañas e houbo de casar cunha fanegueira da montaña, pro outro máis punto birloulle a moza (...)

esmoleira
chufós
fanegueira

(...) e Pedro foise á Arxentina, botou alá uns anos e volveu escaso de pesos, etc., tende os seus fíos, a doenza digo, dende o feito que tódolos seus devanceiros foron ferreiros no Vilar —os ferreiros cospen moito; é o oficio no que máis se cospe— deica as súas manteigas infantís, as fraquezas de agora, coa carteira baleira... Na illada terá unha pedra ou dúas, pro ten ademais toda ista historia, á que hai que dar un nome humano, e soio cando se lle atopa ise nome humano á doenza, saberase se pedro Pérez, dito do Ferreiro, dito Fol, dito Baluga, poderá curar ou non. Lamas Vello, din, curou a moitos soio con soltarlles na orella o nome da doenza que tiñan.

—Moitos hai, aseguraba, que non están doentes. É que se anoxan.

devanceiros
illada
anoxan

(...) Decía Lamas que os preitos quen os paga é o corpo, mais que a bolsa.

–A millor cura é a vagedá.

E receitaba baños, vacaciós, e buscáballes entretemento ós enfermos.

–I el por que non adeprendes a tocala gaita?

A un que lle chamaban o Folgo de Vilameá, e era prestamista, púxoselle unha suor alternada que non o deixaba: cando ardía, cando morría, cando brixía de frío. Cando tiña frío, tremaba tanto, que nin podía facer as contas dos intereses. Non durmía, asustado. Os médicos non lle acertaban, e gastou máis de cen pesos nas boticas de Ribadeo. Non era xa máis que pel e osos. Os sobriños chamaron a Lamas Vello. Lamas pechouse co doente todo un serán.

Non era xa máis que pel e osos. Os sobriños chamaron a Lamas Vello. Lamas pechouse co doente todo un serán.

–Ti o que tes é ansia e nada máis. Deixa todo, viste a roupa máis vella, e vaite á Mariña, e andas por alí dous ou tres meses agora que vén o bo tempo a pedir esmola. Non leves contigo nin un perrochico. Fai que non coñeces. Ti pides moi humilde, dás as grazas, bicas a esmola e nada máis.

E o Folgo fixo o receitao, e curou. Curou do corpo e millorou da ialma. Os que lle debían cartos atopábano máis compasivo. Chegou ós noventa.

Lamas Vello tiña unha libreta na que apuntaba os nomes humanos das doenzas. Nunca leu ninguén nela.